



## BASES PARA A SELECCIÓN DOS TRABALLADORES PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DE EMPREGO “DOC - TIC”- CONCELLO DE RIBADEO.

### Primeira.- Obxecto.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 10 da orde do 29 de marzo de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, o establecemento do sistema, procedemento e baremos que se aplicarán na selección dos desempregados como alumnos-traballadores participantes no obradoiro de emprego “Doc - Tic”, promovido polo Concello de Ribadeo e subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

### Segunda.- Relación xurídica dos traballadores participantes coa entidade promotora do obradoiro de emprego.

Durante a duración do obradoiro de emprego os alumnos-traballadores participantes estarán vinculados á entidade promotora mediante a modalidade de contrato para a formación e o aprendizaxe. Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de seis meses e a xornada completa.

### Terceira.- Beneficiarios.

Poderán ser persoas beneficiarias participantes deste programa aquelas mozas e mozos desempregados, de dezoito ou máis anos e menores de trinta, que estean inscritos no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, sen que se requira a súa inscrición como demandantes de emprego, de conformidade co disposto no artigo 90.1.a) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

### Cuarta.- Requisitos dos aspirantes.

Os participantes no proceso selectivo, en coherencia co disposto no artigo 105.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, deberán manter o cumprimento dos seguintes requisitos, con carácter previo, a participar nos obradoiros de emprego:


Non ter traballado nos trinta días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.

No ter recibido accións educativas que sumen máis de corenta horas mensuais nos noventa días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.

No ter recibido accións formativas que sumen máis de corenta horas mensuais nos trinta días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.

No suposto de que o interesado en inscribirse tivese finalizado a súa participación no sistema educativo, considerarase que o requisito da letra b) queda suxeito a non ter recibido accións educativas que sumen máis de corenta horas mensuais nos trinta días naturais anteriores.

d) Para poder participar neste programa é imprescindible cumplir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e a aprendizaxe, co obxecto de estar vinculada mediante un contrato de tales características ao proxecto, durante toda a duración do proxecto, de acordo co previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional décimo novena do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, na redacción dada pola Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, e pola Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento a competitividade e a eficiencia.





#### Quinta.- Oferta de emprego.

Unha vez constituído o grupo de traballo mixto, e aprobados os criterios de selección dos alumnos-traballadores que van participar no obradoiro de emprego, tramitarase a oferta á oficina de emprego de Ribadeo, establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes:

- a) Ambito xeográfico: Concello de Ribadeo. De non atoparse candidatos suficientes ampliarase a todos os concellos límiteiros.
- b) Módulo: 8 PRAZAS Módulo de Producción fotográfica IMST0109 NIVEL 3
- c) Ocupacións ou postos de traballo relacionados: ( Fotógrafos en xeral , retocadores fotográficos, retocadores fotográficos dixitais, operadores de imaxe fotográfica )
- d) Idade: menor de 30 anos.
- e) Nº de candidatos a remitir: Na medida do posible 2 por posto.
- f) Serán causas de exclusión non cumplir algún dos requisitos establecidos nas bases.
- g) Requisitos de formación : Cumprilos requisitos para poder celebrar un contrato para a formación durante toda a duración do proxecto. Posuér a formación mínima en materia de competencias clave para poder cursar con aproveitamento os diferentes módulos formativos das respectivas especialidades, obligatorio para poder acadar o correspondente certificado de profesionalidade.

- a) Ámbito xeográfico: Concello de Ribadeo. De non atoparse candidatos suficientes ampliarase a todos os concellos límiteiros.
- b) Módulo:7 PRAZAS Módulo de Operacións de gravación e tratamiento de datos e documentos ADGG0508 NIVEL 1
- c) Ocupacións ou postos de traballo relacionados: ( Operadores/as-gravadores/as de datos en ordenador, auxiliar de oficina, a uxiliar de arquivo, operador/a documental, auxiliar de dixitalización).
- d) Idade: menor de 30 anos.
- e) Nº de candidatos a remitir: Na medida do posible 2 por posto.
- f) Serán causas de exclusión non cumplir algún dos requisitos establecidos nas bases.
- g) Requisitos de formación : Cumprilos requisitos para poder celebrar un contrato para a formación durante toda a duración do proxecto. Posuér a formación mínima en materia de competencias clave para poder cursar con aproveitamento os diferentes módulos formativos das respectivas especialidades, obligatorio para poder acadar o correspondente certificado de profesionalidade.


Na selección teranse en conta, en todo caso, criterios como a idade, a experiencia laboral previa, a permanencia no desemprego ou o nivel de cualificación, priorizando aquelas persoas mozas que non recibiran previamente atención por parte do Sistema e aqueles que estean más próximos a cumplir a idade máxima prevista no Sistema, todos eles recollidos no artigo 105.3 da Lei 18/2014, do 15 de outubro.

#### Sexta.- Baremo .

O grupo de traballo mixto, segundo o acordado aplicará o baremo establecido no Anexo I, por medio do que serán avaliados as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos a remitir pola oficina de emprego cunha puntuación máxima de 20 puntos e unha entrevista co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo que serán valoradas cun total de 6 puntos.

A entrevista terá lugar :

- O 6 de setembro de 2017 na Casa do Concello de Ribadeo ás 10,00 horas





### Séptima.- Puntuación final.

Baremados os méritos e a entrevista, será elaborada a relación dos admitidos e excluídos para participar no obradoiro de emprego, como alumnos-traballadores, indicando a puntuación total e as especialidades formativas ás que son adscritos. Esta relación deberá ser exposta nos taboleiros da entidade promotora.

No suposto de empate nas puntuacións de dous o máis candidatos, terá preferencia aquel que teña máis antigüidade como desempregado a contar dende o último emprego segundo a vida laboral, e en caso de empate o de maior idade.

### Oitava.- Lista de reserva.

O grupo de traballo mixto, coa finalidade de suplir as posibles baixas dos seleccionados como alumnos-traballadores, elaborará unha lista de reserva que estará integrada polos candidatos que, non sendo seleccionados, obtiveran as maiores puntuacións.

### Novena.- Admisión.

Os seleccionados polo grupo de traballo mixto serán admitidos pola entidade promotora, para participar no obradoiro de emprego na condición de alumno traballador.

Os alumnos traballadores seleccionados, de xeito obligatorio e con carácter previo á formalización do contrato, deberán de manter o cumprimento dos requisitos esixidos polo Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

### Décima.- Incidencias e reclamacións.

De conformidade co establecido no artigo 13 da Orde do 29 de marzo de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público.

As incidencias e reclamacións que se susciten no proceso de selección seguido, presentaranse ante o grupo de traballo no prazo de 2 días naturais a contar dende o seguinte o da exposición das listas de admitidos e reservas e serán resoltas polo Grupo de traballo mixto sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.


Lugo, 4 de agosto de 2017


Monica Barcia Paredes

Beatriz Corral Rodríguez

María Jesus Rañón Rios

Francisco Quinzá-Torroja García





ANEXO I

BAREMO SELECCIÓN ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO DIRIXIDOS A MELLORAR A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL

|   | CRITERIOS                                                                                       | PUNTOS                                                                                                                                    |     |
|---|-------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| 1 | Ter planificado no seu Itinerario Profesional de Inserción a súa participación nestes programas | 6                                                                                                                                         |     |
| 2 | Persoas beneficiarias que non recibiran previamente atención polo sistema                       | 4                                                                                                                                         |     |
| 3 | Discapacidade $\geq 33\%$                                                                       | 1                                                                                                                                         |     |
| 4 | Idade                                                                                           | De 18 ata 20 anos                                                                                                                         | 0,5 |
|   |                                                                                                 | De 20 ata 22 anos                                                                                                                         | 1   |
|   |                                                                                                 | De 22 ata 24 anos                                                                                                                         | 2   |
|   |                                                                                                 | De 24 ata < 30 anos                                                                                                                       | 3   |
| 5 | Experiencia laboral                                                                             | Ningunha                                                                                                                                  | 3   |
|   |                                                                                                 | Ata 12 meses                                                                                                                              | 2   |
|   |                                                                                                 | $\geq 12$ meses                                                                                                                           | 1   |
| 6 | Nivel de cualificación profesional                                                              | Baixa (que non posuan un carnet profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, título de F.P. ou titulación universitaria) | 3   |
|   |                                                                                                 | Media (que posuan un carnet profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou FP ciclo medio)                                    | 1,5 |
|   |                                                                                                 | Alta (que posuan certificado de profesionalidade de nivel 3, título de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)                  | 0,5 |

**DOCUMENTACION A APORTAR POLOS ALUMNOS – TRABALLADORES O DÍA DA SELECCIÓN**

**PARA VALORAR OS APARTADO 1 DEBERÁ DE APORTAR :** Certificado da oficina de emprego de ter planificado no seu itinerario profesional de inserción a súa participación neste programa.

**PARA VALORAR OS APARTADO 2 DEBERÁ DE APORTAR:** Certificado da oficina de emprego de non recibir previamente atención polo sistema.


**PARA VALORAR OS APARTADO 3 DEBERÁ DE APORTAR:** Copia do certificado de minusvalía igual o superior al 33 %.

**PARA VALORAR OS APARTADO 4 DEBERÁ DE APORTAR:** Copia do dni

**PARA VALORAR OS APARTADO 5 DEBERÁ DE APORTAR :** Vida laboral ACTUALIZADA

**PARA VALORAR O APARTADO 6 DEBERÁ DE APORTAR:** Declaración xurada que se dará o día da entrevista.

**DE NON PRESENTAR DITA DOCUMENTACIÓN NON SERÁ VALORADO O APARTADO .**





Reunido en Lugo, en data 21 de agosto de 2017, o grupo de traballo mixto constituído en data 4 de agosto de 2017, ao abeiro do disposto nos artigos 10 e 11 da Orde do 29 de marzo de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, coa finalidade de proceder á selección do persoal de dirección, docente, administrativo e dos alumnos traballadores do obradoiro de emprego "Doc-Tic", promovido polo concello de Ribadeo, advertidos erros, acorda modificar as bases para a selección dos alumnos-traballadores e do director do obradoiro :

➤ Bases para a selección dos alumnos traballadores:

As bases terceira e cuarta non están actualizadas conforme á lexislación vixente, e polo tanto quedarán redactadas como se recolle a continuación:

Terceira.- Beneficiarios

Poderán ser persoas beneficiarias participantes deste programa aquelas persoas mozas inscritas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 90.1.a da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, competitividade e a eficiencia

Cuarta.- Requisitos dos aspirantes

Os participantes no proceso selectivo, en coherencia co disposto no artigo 97 da Lei 18/2014, modificada polo Real decreto lei 6/2016, do 23 de decembro, deberán manter o cumprimento dos seguintes requisitos, con carácter previo a participar nos obradoiros de emprego:

- Non ter traballado no día natural anterior ao momento de recibir a actuación
- Non ter recibido accións educativas no día natural anterior ao momento de recibir a actuación
- Non ter recibido acción formativas no día natural anterior ao momento de recibir a actuación

Para poder participar neste programa é imprescindible cumplir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e a aprendizaxe, co obxecto de estar vinculada mediante un contrato de tales características ao proxecto, durante toda a duración do proxecto, de acordo co previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.




➤ Bases para a selección dos directores:

A base novena, méritos que se valorarán, no apartado II) Cursos recibidos, de acordo coa normativa que regula os servizos de prevención de riscos laborais, o apartado relativo ao curso básico de prevención de riscos laborais, quedará redactado como se recolle a continuación :

Curso nivel básico de prevención de riscos laborais de 30h ata 60h: 0,25 puntos



Mónica Bárcia Paredes



María Jesus Rañón Ríos



Beatriz Corral Rodríguez



Francisco Quinza-Torroja García